



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de "subministro de plataforma remolcable para os servizos municipais do Concello de Tui.

Realizada Mesa de Contratación con data 5 de decembro 2013 aos efectos de posta en coñecemento de reclamación presentada pola empresa Daryat, S.L., a Mesa de Contratación adoptou o seguinte acordo:

"(...) A Mesa de Contratación, á vista do exposto anteriormente, **acorda aceptar a reclamación** presentada pola empresa PLATAFORMAS DARYAT, S.L., **no aspecto relativo ao incumprimento das prescricións técnicas esixidas na licitación da plataforma elevadora proposta pola empresa GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL, S.A. e, polo exposto, non admitir a proposta económica presentada pola referida empresa á licitación.**

2º.- Dar traslado do acordo adoptado pola Mesa de Contratación aos licitadores e conceder un prazo de audiencia de tres días hábiles a ambos licitadores, que unha vez rematado se procederá pola Mesa de Contratación a proposta definitiva de licitador ao órgano de contratación para a súa adxudicación."

Unha vez que se comunicou aos licitadores o acordado pola Mesa e rematado o prazo concedido de audiencia sen que por parte de ningún se presentase ningunha alegación ao referido acordo, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro **xoves, día 19 de decembro de 2013, ás 09,30**, en acto público, aos efectos de proposta de adxudicatario pola Mesa de Contratación.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 16 de decembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

Dou fe,
A Secretaria do concello

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570
